


**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

39- TORNEO INTERNACIONAL ZIOLKOWSKI PYTLASINSKI POLAND OPEN SÉNIOR DE LOITAS OLÍMPICAS. VARSOVIA (POLONIA). DO 2 AO 4 DE AGOSTO DE 2019

3 deportistas galegos foron convocados coas seleccións nacionais absolutas, para participar no TORNEO INTERNACIONAL ZIOLKOWSKI PYTLASINSKI DE LOITA LIBRE MASCULINA E POLAND OPEN DE LIBRE FEMENINA, e a posterior concentración en Varsovia (Polonia), do 2 ao de Agosto.

Esta competición tivo como obxectivo a preparación dos deportistas de cara os campionatos do mundo Júnior, SUB23 e absolutos de Loitas Olímpicas deste ano 2019. Temos que recordar, que o mundial sénior de este ano 2019, xa é clasificatorio para Tokio 2020.

A gran ausencia nesta competición foi a de Jose Cuba, convocado tras o seu 3º posto no Gran Premio de España tras vencer a Puerto Rico e Canadá, pero que continuará a súa preparación de cara o Mundial no seu club en Vilalba co Sparring ucraíno Sergey Priadum.

Lydia Pérez do Club de Loita Pontevedra participou en 62 kg. Libre Femenina acadando a 13ª posición.

Nerea Pampín do Club de Loita Kelttoi de Vila de Cruces en 65 kg. Libre Femenina acadando a 7ª posición.

Damián Iglesias Vilela do Club de Loita Touro en 86 kg. Libre Masculina acadando a 19ª posición.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

40- CAMPIONATO DO MUNDO JÚNIOR DE LOITAS OLÍMPICAS. TALLIN (ESTONIA). DO 13 AO 18 DE AGOSTO DE 2019

A deportista Nerea Pampín Blanco, do Club Keltoi de Vila de Cruces e becada no CGTD de Pontevedra, participou no mundial júnior de Loitas Olímpicas celebrado do 13 o 18 de agosto, en Tallin (Estonia).

O polideportivo de Tondiraba Jäähall, sito na cidade de Tallin, foi o escenario deste Campionato do Mundial Júnior no que so participaron dúas deportistas representando a nosa selección nacional: Nerea Pampín en 65 kg. e a madrileña María Victoria Báez en 57 kg.

Ambas deportistas clasificáronse para a cita mundialista no Campionato de Europa Júnior organizado en Pontevedra no mes de xuño. Baez acadou a medalla de bronce e Pampín perdeu na loita polas preseas, rematando en 7º lugar.

Nerea perdeu no se primeiro combate en 1/8 de final ante a estadounidense Macey Ellen Kilty por un contundente 10-0, pero que a americana chegara a final foi suficiente para que Nerea puidera entrar na loita polas medallas a través da repesca, enfrontándose a representante de Polonia Wiktoria Choluj e cedendo este combate de repesca por un axustado 2-1. Finalmente acadando a 16ª posición da clasificación final do seu peso.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

41- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL PREPARACIÓN CAMPIONATO DO MUNDO SÉNIOR. NUR - SULTÁN (KAZAJISTÁN). DO 4 AO 14 DE SETEMBRO DE 2019

A deportista pontevedresa Lydia Pérez Touriño do Club de Loita Pontevedra e becada no CGTD de Pontevedra, onde adestra no grupo de rendemento as ordes de Marcos Miragaya, estivo concentrada do 4 ó 14 de setembro na cidade de Nur-Sultán (Kazajistán), de cara a preparar a súa participación no mundial absoluto de Loitas Olímpicas.

Esta concentración previa o mundial, axudou a Lydia Pérez a aclimatare de cara a cita mundialista. Primeira oportunidade para clasificarse para os XXOO de Tokio 2020.

As datas para o Mundial absoluto son do 14 ó 22 de setembro na mesma cidade de Nur-Sultán (KAZ). A esta cita tamén acudirá o deportista galego Jose Cuba Vázquez.

A representación galega no Campionato do Mundo Sénior será a cargo de Lydia Pérez en 62kg. Libre Femenina e Jose Cuba Vázquez en 125kg. Libre Masculina.

Pola súa banda, Jose Cuba Vázquez prepara a súa participación no seu club de orixe, Loita Olímpica Vilalba, contando coa presenza do técnico ucraíno Sergey Priadum.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

42- CAMPIONATO DO MUNDO SÉNIOR DE LOITAS OLÍMPICAS. NUR-SULTÁN (KAZAJISTÁN). DO 14 AO 22 DE SETEMBRO DE 2019

A deportista pontevedresa Lydia Pérez do Club de Loita Pontevedra e o vilalbés José Cuba do Club de Loitas Olímpicas de Vilalba participaron no Campionato do Mundo Sénior celebrado na capital de Kazajistán, en Nur-Sultán do 14 ao 22 de setembro de 2019.

Este Campionato do Mundo foi a primeira cita de clasificación para os vindeiros Xogos Olímpicos a celebrar no 2020 en Tokio (Xapón).

Lydia Pérez participou na categoría de clasificación dos 62 kg. Loita Libre Femenina, gañando o primeiro combate de 1/16 de final ante a neozelandesa Tayla Ford pero perdendo o seguinte combate de 1/8 de final ante a sueca Henna Johansson. Finalmente acadando un meritorio 16ª posto na clasificación.

José Cuba participou na categoría de clasificación dos 125 kg. de Loita Libre Femenina, cedendo neste caso o primeiro combate de 1/16 de final ante o austríaco Johannes Ludescher. Acadando finalmente a 24ª posición no ranking.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

43- CLÍNICA AUTONÓMICO BÁSICO DE ARBITRAXE DE LOITA GRAPPLING. BUEU. 22 DE SETEMBRO DE 2019

A Federación Galega de Loita e Disciplinas Asociadas e o Colexio Galego de Xuíces e Árbitros organizaron no Concello de Bueu un clínic autonómico de arbitraxe básico de Loita Grappling para mellorar e actualizar coñecementos do regulamento desta disciplina asociada da federación.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

44- TORNEO FESTAS DO CRISTO DE LOITA GRAPPLING E MMA. PORRIÑO. 28 DE SETEMBRO DE 2019

O sábado 28 de setembro Porriño acolleu un Torneo Loita Grappling e MMA con motivo das Festas do Cristo da localidade na praza Antonio Palacios do Concello.

Esta actividade organizada entre o Club de Loita Alakram Vermelho, o Club de Loita Independiente e a nosa Federación Galega de Loita foi orientada a iniciación dando a cabida a todos os inscritos nos diferentes grupos de idade, fomentado estas modalidades deportivas dentro das escolas do concello de Porriño.

Esta competición foi o disparo de saída da nova tempada deportiva destas modalidades 2019/20.

MMA

Logo: 20 ANOS CARALLUTAS ANTE ALAKRAM VERMELHO - SVAKIM SIVAKIM

Logo: CLUB DE LOITA INDEPENDIENTE

Logo: Concello do Porriño

Logo: FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A.

FESTAS DO CRISTO PORRIÑO 2019

SABADO 28 DE SEPTIEMBRE
PLAZA ANTONIO PALACIOS

PUNTUABLE PRA LIGA GALEGA

Logo: CALVIA GYM ESCUELA

Logo: GYMNASIO CORPUS ORE

Logo: ALACRAM VERMELHO

GRAPPLING



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

45- CLÍNICA NACIONAL DE ARBITRAXE DE LOITA GRAPPLING E MMA. MADRID. DO 27 AO 29 DE SETEMBRO DE 2019

Do 27 ao 29 de setembro, celebrouse en Madrid o Clinic Nacional de arbitraje en Loita Grappling e MMA, onde o Colexio Galego de Xuíces Árbitros participou con 6 representantes para os ascensos nacionais e o curso de actualización.

Os árbitros que se desprazaron a Madrid representando o Colexio Galego foron: Celeste Meleiro e Ainhoa González como árbitros noveis, así como os árbitros nacionais: Carlos Fabián Thiebaut, Jose Allariz, Daniel Fernández e Jorge Garrido

Este curso foi obrigatorio para as convocatorias nacionais, as internacionais así como para os exames de ascenso dentro da categoría nacional.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

46- CONCENTRACIÓN NACIONAL SUB23 DE LOITAS OLÍMPICAS. MADRID. DO 27 AO 29 DE SETEMBRO DE 2019

O Centro de Alto Rendemento (CAR) de Madrid acolleu do 27 ó 29 de setembro a concentración nacional para os deportistas U-23 (SUB-23), con opcións de participar no mundial do mes de outubro.

Os deportistas Galegos convocados polos seleccionadores de Loita Libre Olímpica e Loita Feminina foron:

Loita Libre Feminina: Lydia Pérez -62 kg (Club Loita Pontevedra) e Nerea Pampín -65 kg (Club Keltos de Vila de Cruces).

Loita Libre Masculina: Rafael Álvarez -70 kg (Club San Ignacio de Vigo).

Lamentar as baixas por lesión dos convocados Carlos Yobani García -65 kg e Ramón Monasterio - 97 kg (Ambos do Club de Loita Vilalba).

O fronte da convocatoria e da dirección dos adestramentos, estivo o seleccionador nacional U-23 Pablo Pintos Figueroa (Vigo, 1978).

O principal obxectivo desta concentración foi seleccionar os deportistas que representaron a España no Campionato do Mundo U-23 que tivo lugar a finais de outubro en Budapest (HUN).





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

47- CLÍNICA NACIONAL DE ÁRBITROS E ADESTRADORES DE LOITAS OLÍMPICAS. MADRID. DO 4 AO 6 DE OUTUBRO DE 2019

A fin de semana do 4 ao 6 de outubro o Colexio Galego de Xuíces Árbtritos tivo unha cita ineludible no Clinic Nacional de Loitas Olímpicas nas instalacións do Centro de Alto Rendemento de Madrid.

Os árbitros do colexio Galego: Celeste Meleiro, Ainhoa González, Aarón Bello e Daniel Fernández, participaron neste clínic para o ascenso nacional.

Así mesmo a Federación Española de Lucha organizou no mesmo Centro de Alto Rendemento de Madrid, a reunión anual dos técnicos nacionais, para elaborar o calendario de actividades do ano 2020.

Os técnicos Galegos que se desprazaron a Madrid do 4 ó 6 de outubro para participar na elaboración do calendario foron: Marcos Miragaya Lama, seleccionador cadete de Libre Olímpica, Rubén Méndez, técnico nacional de apoio e Pablo Pintos, seleccionador nacional U-23.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

48- TORNEO INTERNACIONAL DE KRÀSNIK DE LOITAS OLÍMPICAS. KRÀSNIK (POLONIA). DO 4 AO 6 DE OUTUBRO DE 2019

3 galegos foron convocados coa selección nacional cadete de Loitas Olímpicas para participar no torneo internacional de Kràsnik do 4 ó 6 de Outubro.

Os deportistas becados no CGTD de Pontevedra, Nerea Iglesias (-73kg) da Escola Ayude De Santiso e Saúl Bello (-65 kg) do Club San Ignacio de Vigo, foron os deportistas convocados para este evento internacional.

Por outra banda, tamén foi convocado Marcos Miragaya Lama, como seleccionador cadete de Libre Olímpica, para dirixir a selección nacional.

Os resultados acadados polos nosos deportistas foron os seguintes:

Saúl Bello Álvarez. 16º clasificado en 65 kg. Cadete Loita Libre Masculina

Nerea Iglesias Campos. 5ª clasificada en 73 kg. Cadete Loita Libre Femenina.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**


49- CAMPIONATO DO MUNDO MÁSTER DE LOITAS OLÍMPICAS. TBILISI (GEORGIA). DO 8 AO 13 DE OUTUBRO DE 2019

O deportista Roberto Estévez Álvarez, pertencente o Club de Loita Ciudad de Vigo participou no Campionato do Mundo Máster (Veteranos) de Loitas Olímpicas do 8 ao 13 de outubro en Tbilisi (Georgia).

Roberto Estévez é dúas veces campión do Mundo Máster de Loita Libre Olímpica, un feito que non acadou ningún outro deportista a nivel nacional. Este ano, participou no grupo de idade D en 70 kg. onde era o principal favorito o título mundial. Pero finalmente, por culpa dunha lesión de ombro que leva arrastrando veuse relegado a 9ª praza.

Nesta competición estivo acompañado polo colexiado Marcos Araujo Pereira (Vigo, 1974), único árbitro nacional no Campionato do Mundo Máster.

Marcos Araujo, que ten licenza polo Club San Ignacio de Vigo, foi o colexiado designado pola Federación Española, para representarnos nesta cita mundialista. A súa ampla experiencia internacional e o seu dominio dos idiomas oficiais da UWW, fan de Marcos Araujo, un dos xuíces





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

50- BEACH WORLD GAMES 2019 (XOGOS MUNDIAIS DEPORTES DE PRAIA). DOHA (QATAR). DO 11 AO 16 DE OUTUBRO DE 2019

O deportista Jose Cuba Vázquez participou coa Federación Española de Loita e baixo a tutela do Comité Olímpico Español do 11 ó 16 de outubro en Doha (Qatar) nos ANOC WORLD BEACH GAMES, que son os xogos mundiais de deportes de praia,

Jose Cuba, pertencente o Club de Loitas Olímpicas de Vilalba, acadou a clasificación para esta histórica cita nos torneos Ranking das series mundiais, onde só pasan os mellores deportistas de cada categoría de peso.

Para esta cita, a selección nacional estivo composta por David Pérez (CAN) -80 kg, Pedro Jacinto (CAN) -90 kg e Jose Cuba (GAL) +90 kg. Como árbitro viaxa Carlos García e como técnico Jose María López Gullón.

José Cuba acadou unha meritoria 9ª clasificación na categoría de +90 kg.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

**51- TORNEO INTERNACIONAL NEGREPELISSE DE LOITAS OLÍMPICAS. NEGREPELISSE
(FRANCIA).
DO 18 AO 20 DE OUTUBRO DE 2019**

Seis galegos participaron do 18 ó 20 de outubro no Torneo Internacional de Negrepelisse (Francia).

A Federación Galega de Loita desprazou a Francia a varios dos deportistas becados no CGTD de Pontevedra, como parte da súa formación, de cara a esta nova tempada. Os deportistas convocados pola Federación Galega de Loita foron:

Nerea Iglesias Campos	3ª clasificada en 73 kg. Cadete Libre Femenina
Cristian Suárez Barros	4º clasificado en 74 kg. Júnior Libre Masculina
David González Silva	5º clasificado en 60 kg. Cadete Libre Masculina
Saúl Bello Álvarez	5º clasificado en 65 kg. Cadete Libre Masculina
Santiago Sánchez Varela	1º clasificado en 86 kg. Júnior Libre Masculina
Rubén Méndez Lois	Adestrador

Especial mención recibe, Santiago Sánchez Varela (KEL), convocado pola selección nacional júnior, para participar neste evento, como un dos principais referentes do equipo nacional.

O fronte da selección Galega, viaxou o técnico Rubén Méndez Lois (Vila de Cruces), para dirixir os nosos deportistas.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

52- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL PROGRAMA SPARRING TOKIO 2020. PONTEVEDRA. DO 16 AO 27 DE OUTUBRO DE 2019

A Federación Galega de Loita e dentro dos programas de colaboración coa FELODA, achegaron o CGTD de Pontevedra o programa sparring Tokio 2020.

Co principal obxectivo de preparar os nosos deportistas para o Mundial Sub23 e os clasificatorios para Tokio 2020, estiveron durante 14 días adestrando en Pontevedra:

- Carlos Izquierdo (COL): Olímpico en Rio 2016 e clasificado para Tokio 2020.
- Francesca Indelicato (ITA): Internacional con Italia e 2x campioa do mundo de Beach Wrestling.

Ambos deportistas axudaron a Lydia Pérez (PONTEVEDRA), a afinar a súa preparación de cara o Cto. do Mundo U23, que tivo lugar a finais de mes en Budapest (Hungría). Por outra banda, traballaron tamén cos deportistas do grupo de rendemento: Nerea Pampín, Noelia Lalín e Pablo García, pensando nas citas mais importantes de 2020, onde todos os deportistas se xogarán a clasificación para Tokio.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

53- SEMINARIO JUAN ESPINO (UFC) DE GRAPPLING E MMA. CGTD, PONTEVEDRA. 25 DE OUTUBRO DE 2019

O venres 25 de outubro realizouse nas instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva un seminario de Grappling e MMA impartido polo deportista canario Juan Espino Dieppa.

O loitador que participou e foi vencedor da súa categoría de peso no programa The Ultimate Fighter, está actualmente adestrando e competindo en Estados Unidos para a franquía do UFC.

Nesta xornada impartiu os seus coñecementos os nosos deportistas destas modalidades.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

54- XORNADA DE DEPORTE PARA TODOS CATEGORÍAS BASE. OS REMEDIOS, OURENSE. 26 DE OUTUBRO DE 2019

O sábado 26 de outubro a Federación Galega de Loita xunto co Club de Loita Atila de Ourense organizamos una xornada de deporte para todos para as categorías base: prebenxamín, benxamín e alevín.

Nesta Xornada realizouse un adestramento conxunto entre tódolos clubs participantes impartido polos adestradores e posteriormente unha competición tipo liga por equipos.

Na que a clasificación foi a seguinte:

- 1º Club Atila de Ourense.
- 2º Club Kelttoi de Vila de Cruces.
- 3º Club de Loita A Cambadela de A Estrada.
- 4º Club de Loita Ciudad de Vigo.
- 5º Club de Loita Kuzushi de Vigo.
- 5º Club de Loita O Castro de Vigo.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

55- CAMPIONATO DO MUNDO SUB23 DE LOITAS OLÍMPICAS. BUDAPEST (HUNGRÍA). DO 26 DE OUTUBRO AO 3 DE NOVEMBRO DE 2019

A Pontevedresa Lydia Pérez, rematou no 7º posto no Campionato do Mundo U23 celebrado en Budapest (HUN) do 26 de Outubro o 3 de Novembro.

Lydia Pérez, venceu no seu primeiro cruce a Avery Ruth Cameron (Canadá), por superioridade técnica de 10-0, amosando unha moi boa preparación.

No segundo cruce, Lydia Pérez caeu fronte a Irina Ringaci (MDA), por un axustado 6-7. Posteriormente, Ringaci acadaría a medalla de bronce da categoría.

Os técnicos desprazados a Hungría, Pablo Pintos e Marcos Miragaya, puxeron en valor o traballo de Lydia Pérez, durante o Mundial. Sendo a deportista española con mellor resultado na clasificación final.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

56- CONCENTRACIÓN NACIONAL JÚNIOR DE LOITAS OLÍMPICAS. MADRID. DO 8 AO 10 DE NOVEMBRO DE 2019

Catro galegos foron convocados pola selección nacional júnior do 8 ó 10 de novembro no Centro de Alto Rendemento de Madrid.

Os deportistas Nerea Pampín Blanco en 65 kg. e Santiago Sánchez Varela en 86 kg, ambos do Club Kelttoi de Vila de Cruces, así como Nerea Iglesias Campos da Escola Ayude de Santiso, foron convocados co equipo nacional.

O técnico nacional Marcos Miragaya Lama, responsable do grupo de rendemento do CGTD de Pontevedra, foi o encargado de dirixir a concentración nacional no CAR de Madrid.

O seguinte obxectivo de Nerea Pampín e Nerea Iglesias, será acudir a concentración internacional júnior do 11 ó 15 de novembro en Berlín (Alemaña).





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

57- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL DE LOITA LIBRE FEMENINA. BERLÍN (ALEMAÑA). DO 11 AO 15 DE NOVEMBRO DE 2019

Do 11 ó 15 de novembro, as deportistas galegas: Lydia Pérez Touriño do Club de Loita Pontevedra, Nerea Pampín Blanco do Club Kelttoi de Vila de Cruces e Nerea Iglesias Campos da Escola Ayude de Santiso, participaron na concentración internacional que a Federación de Alemaña de Loita organiza en Berlín.

Nesta concentración internacional, só de Loita Femenina, participan as mellores deportistas júnior do mundo sendo un referente de preparación a nivel internacional. As nosas atletas, viaxan representando á Federación Galega de Loita, como única representación española neste evento internacional.

De este xeito, a Federación Galega de Loita, continúa coas súas actividades internacionais e de formación das categorías previas á absoluta. Apostando pola continuidade formativa dos e das nosas atletas.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

58- CAMPIONATO DE ESPAÑA POR AUTONOMÍAS DE LOITAS OLÍMPICAS. MADRID. 16 DE NOVIEMBRE DE 2019

A selección galega proclamouse o pasado sábado 16 de novembro por segundo ano consecutivo como Campiona de España de Loitas Olímpicas por Autonomías no campionato organizado en Madrid.

Galicia caeu no primeiro enfrontamento da fase de grupos contra Navarra e superou a Comunidade de Madrid, finalizando segunda do grupo A. No cruce para a final, tivo que enfrontarse contra Andalucía, campioa do grupo B, a que venceu nun apertado cruce, para pasar a final e volver a enfrontarse contra Navarra a que vencemos por 6-3.

O equipo que representou a Galicia, nesta competición nacional foi:

- Libre Olímpica: Rafaél Álvarez (San Ignacio), Damián Iglesias (Touro) e Arón Ayude (Ayude).
- Libre Feminina: Cristina Alves (Ciudad de Vigo), Lydia Pérez (Pontevedra) e Nerea Pampín (Keltoi).
- Grecorromana: Anxo Uzal (Sabarís), Santiago Sánchez (Keltoi) e Nicolás López (Lugo).
- Árbitros: Ángel Amor e Marcos Araujo.
- Técnicos: Rubén Méndez, Marcos Miragaya.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

59- CAMPIONATO GALEGO DE LOITA GRAPPLING E MMA. A CORUÑA. 16 DE NOVIEMBRE DE 2019

Resultados do Campionato Galego de Grappling e MMA celebrado o sábado 16 de novembro no Polideportivo Municipal de Labañou na Coruña. Agradecer a colaboración na organización do Club Graiño Team de A Coruña para o desenrolo deste campionato galego, así como as facilidades do Concello de A Coruña para acoller esta proba.

Na xornada de mañá, un total de 82 combates dilucidaron quen foron os mellores deportistas das categorías masculina e feminina en Loita GRAPPLING, quedando a clasificación final por Clubs do seguinte xeito:

- 1º- Club Sport Fight de Pontedeume con 205 puntos.
- 2º- Club Graiño Team de A Coruña con 195 puntos.
- 3º- Club Independiente de Vigo con 160 puntos.
- 4º- Club de Loita O Morrazo con 58 puntos.

En canto a xornada de tarde, na que se levou a cabo a competición de MMA, cos 10 combates das finais dos pesos oficiais, a clasificación final, neste campionato galego foi:

- 1º- Club Independiente de Vigo.
- 2º- Club Graiño Team de A Coruña.
- 3º- Club Sport Fight de Pontedeume.

Esta competición foi valedoira para participar nos Campionatos de España de Grappling, que terán lugar en Murcia e os de MMA que terán lugar en Madrid durante o 2020.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

60- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL DE LOITA LIBRE FEMENINA. C.A.R. MADRID. DO 18 AO 23 DE NOVEMBRO DE 2019

As deportistas galegas, Lydia Pérez Touriño do Club de Loita Pontevedra e Nerea Pampín Blanco do Keltoi de Vila de Cruces, permaneceron concentradas coa selección nacional absoluta do 18 ó 23 de Novembro no CAR de Madrid.

Esta concentración con Italia e Georgia, serve para preparar a participación nun Torneo Internacional no mes de decembro, que terá lugar en Italia.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

61- CONCENTRACIÓN NACIONAL U15 DE LOITAS OLÍMPICAS. C.G.T.D. PONTEVEDRA. DO 20 AO 23 DE NOVEMBRO DE 2019

A Federación Galega de Loita, en colaboración coa Federación Española de Luchas Olímpicas, organizaron no CGTD de Pontevedra, por 6º ano consecutivo, a concentración nacional U-15, onde os 40 mellores deportistas nacionais, campións e campioas de España, estiveron presentes.

Esta actividade forma parte do programa nacional de TECNIFICACIÓN DEPORTIVA, no que a Federación Galega, colabora de xeito moi activo. Formar os nosos deportistas das categorías base é unha máxima.

Traer este tipo de actividades a nosa comunidade, fai que todos os nosos deportistas poidan beneficiarse durante os adestramentos, dunha formación de alto nivel sen necesidade de saír fora da nosa comunidade, cos gastos que iso con leva para os deportistas, clubs e federación.

Ademais dos nosos deportistas internos de forma permanente no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, estiveron convocados para participar nesta concentración co equipo nacional:

Carlos Grediaga	Club de Loita Atila de Ourense	Escolar Grecorromana
Gonzalo Caparrós	Club de Loita Atila de Ourense	Escolar Grecorromana
Raquel Bravo	Club de Loita Atila de Ourense	Escolar Libre Femenina
Alex Silva	Club de Loita Keltos Cruces	Escolar Grecorromana
Nahum Ayude	Escola Ayude de Santiso	Escolar Grecorromana
Xacobe Álvarez	Club de Loita San Ignacio	Escolar Grecorromana





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

62- TRIANGULAR INTERNACIONAL ESCOLAR DE LOITAS OLÍMPICAS. PONTEVEDRA. 23 DE NOVIEMBRE DE 2019

A Federación Galega de Loita rematou no segundo posto, no TRIANGULAR INTERNACIONAL DE PONTEVEDRA DE LOITAS OLÍMPICAS celebrado o sábado 23 de novembro nas instalacións do CGTD de Pontevedra. A Federación Española subiu o mais alto e a selección de Portugal finalizou no 3º posto.

Preto de un cento de deportistas déronse cita nas instalacións do CGTD, para disputar o TRIANGULAR como broche final a concentración do programa nacional de tecnificación deportiva, que tivo lugar no centro de tecnificación dende o 20 ata o 23 de Novembro.

As 3 seleccións nacionais das modalidades olímpicas, disputaron esta competición con categorías de peso adaptadas, para agrupar os campións de España entre eles, e así elevar o nivel de esta cita.

Galicia acadou un total de 2 medallas de Ouro, 3 medallas de prata e 12 medallas de bronce.

Os nomes propios da competición foron: Nerea Iglesias da Escola Ayude de Santiso, campiona en Loita Femenina no grupo 5 e Cristian Suárez do Club de Loita Sabarís campión no grupo 4 de Libre Olímpica. Ambos están becados no CGTD de Pontevedra.

Esta actividade garante o nivel de preparación competitiva dos nosos deportistas das categorías base, os que continuamos formando. Non existen en España, moitas competicións de esta categoría U-15, e moito menos de este nivel, xa que na concentración estaban presentes os 30 campións e campionas de España U-15, que tiveron que enfrontarse entre si en 5 categorías de peso: o que facilitou que en cada categoría houbera a lo menos 2 campións de España. O nivel foi formidable e as preseas estiveron moi caras.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

63- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL SÉNIOR DE LOITAS OLÍMPICAS. SOFÍA (BULGARIA). DO 25 DE NOVEMBRO AO 1 DE DECEMBRO DE 2019

Tres galegos foron convocados coa selección nacional absoluta de Loitas Olímpicas, do 25 de Novembro o 1 de Decembro, para participar na Concentración Internacional no centro Olímpico de Sofía (Bulgaria), para preparar a nova tempada, co obxectivo da clasificación Olímpica.

Os galegos, Carlos Yobani García do Club de Loitas Olímpicas de Vilalba, Pablo García do Club de Loita Pontevedra, están acompañados polo seleccionador nacional Pablo Pintos Figueroa.

Son nove deportistas españois en total convocados para esta concentración, onde se mesturan os novos talentos, cos deportistas con maior experiencia dentro da selección.

O gran obxectivo, serán os torneos de clasificación Olímpica para Tokio 2020.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

64- TORNEO INTERNACIONAL LUCIANO DEBIASI DE LOITAS OLÍMPICAS. ROVERETO (ITALIA). DO 6 AO 8 DE DECEMBRO DE 2019

Do 6 ao 8 de decembro de 2019 celebrouse na cidade italiana de Rovereto, na rexión norte de Trentino, o Torneo Internacional Memorial Luciano Debiassi onde participaron, convocadas pola selección española de Loitas Olímpicas, as nosa loitadoras Nerea Pampín Blanco do Club de Loita Keltoi de Vila de Cruces e Nerea Iglesias Campos da Escola Ayude de Santiso.

Nerea Pampín participou na categoría Sénior de 65 kg. Loita Libre Femenina, onde acadou a 2ª praza tras vencer a italiana Martina Galvagni e perder contra a tamén italiana Sara da Col.

Nerea Iglesias participou na categoría Cadete de 73 kg. Loita Libre Femenina, onde acadou o 3º posto tras vencer a italiana Anna Iodice e perder os outros dous combates ante a italiana Yvette Valentini e a germana Jennifer Rosler.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

65- CONCENTRACIÓN DEPORTE BASE E ADAPTADO DE LOITAS OLÍMPICAS. CANDEÁN, VIGO. 16 DE DECEMBRO DE 2019

O sábado 16 de decembro celebrouse no Polideportivo Municipal de Candeán en Vigo, a 4ª Xornada de Formación do Deporte Base de Loitas Olímpicas, organizada polo Club de Loita O Castro de Vigo.

Esta actividade de formación para os máis pequenos, estivo enmarcada dentro das actividades lúdico-deportivas, para o fomento do deporte base.

Nesta Xornada realizouse un adestramento conxunto entre tódolos clubs participantes impartido polos adestradores e posteriormente unha competición tipo liga por equipos.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

66- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL SPARRING TOKIO 2020. C.G.T.D. PONTEVEDRA. DO 16 AO 21 DE DECEMBRO DE 2019

Dende o 16 ata o 21 de decembro a Federación Galega de Loita, dentro do programa Sparring Tokio 2020, convocado pola Federación Española de Loitas Olímpicas, tivemos a 3 deportistas da selección GEORGIANA de Loitas Olímpicas, adestrando no CGTD de Pontevedra.

Os deportistas da selección nacional de Georgia, NIKA TURASHVILI, NIKA BUSHELASHVILI e GELA KOKIASHVILI aportaron a súa experiencia internacional e trataron a mellora a nivel técnico dos nosos atletas.

Este ano 2019 foi especialmente prolífico en canto a actividades de formación a nivel internacional para os nosos atletas.

De esta actividade, beneficiáronse todos os clubs galegos que asistiron os adestramentos cos seus deportistas.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

67- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL SPARRING TOKIO 2020. LUGO E VILALBA. DO 16 AO 21 DE DECEMBRO DE 2019

As actividades de formación e preparación continuaron da man do programa Sparring Tokio 2020, para os campións de España da categoría absoluta, pensando nos XXOO de Tokio 2020.

Do 16 ata o 21 de decembro, a provincia de Lugo, acolleu este programa internacional cos deportistas ILIA DENTOSHVILI e IUZA TSERTSVADZE do equipo nacional de Georgia.

Ambos deportistas traballaron en xornadas intensivas, para afinar a preparación de Jose Cuba e Carlos Yobani García, de cara as primeiras citas do ano 2020.

Esta actividade está organizada entre a Federación Galega e a Federación Española dentro das axudas os deportistas individuais para Tokio 2020.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A.
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

68- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL INSEP DE LOITAS OLÍMPICAS. PARÍS (FRANCIA). DO 16 AO 22 DE DECEMBRO DE 2019

Os galegos Pablo García García en 74 kg. Libre Olímpica do Club de Loita Pontevedra e Damián Iglesias Vilela en 86 kg. Libre Olímpica do Club de Loita Touro, foron convocados coa selección nacional absoluta, do 16 ata o 22 de decembro, para participar na concentración internacional no INSEP de París (Francia).

Esta concentración internacional, tivo como principal obxectivo continuar coa preparación dos deportistas de cara ao vindeiro ano 2020, clasificatorio para os XXOO.

Pablo García, adestra no grupo de rendemento do CGTD de Pontevedra, mentres que Damián Iglesias, fai o propio no CTD Illes Balears de Palma de Mallorca. Ambos apuran as súas opcións para os clasificatorios continentais e mundial do ano 2020, que darán acceso os XXOO de Tokio 2020.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

69- CONCENTRACIÓN INTERNACIONAL DE DAMIÁN IGLESIAS. ESTONIA E FINLANDIA. DO 22 DE DECEMBRO DE 2019 AO 4 DE XANEIRO DE 2020

O loitador de Club de Loita Touro, Damián Iglesias Vilela, que actualmente adestra no Centro de Tecnificación Deportiva das Illas Baleares en Mallorca, desprazouse neste final de ano como parte da súa preparación para a tempada 2020 a un concentración internacional en Estonia e Finlandia.

Primeiramente Damián, desprazouse a Tallin (Estonia) para adestrar xunto a compañeira Epp Mae, deportista internacional con Estonia e despois viaxou o Centro Olímpico de Kuortane en Finlandia para adestrar co representante finés da súa categoría Ville Tapani Heino.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

70- TORNEO INTERNACIONAL HQR DE LOITAS OLÍMPICAS. C.G.T.D. PONTEVEDRA. DO 28 DE DECEMBRO DE 2019

O sábado 28 de decembro, como unha das actividades habituais para pechar o ano, celebramos no Polideportivo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o Torneo HQR Diario de Pontevedra de Loitas Olímpicas como parte do programa de actividades deste evento que organiza o periódico local da cidade pontevedresa.

Varios equipos de Galicia e un convidado de Portugal, o equipo de loita da Casa do Povo Martim achegáronse a participar neste evento onde se realizaron combates de nivel.

A clasificación final da competencia quedou do seguinte xeito:

- 1º- Club de Loita San Ignacio de Vigo.
- 2º- Casa do Povo Martim de Portugal.
- 3º- Club de Loita Kelttoi Cruces de Vila de Cruces.
- 4º- Club de Loita Lugo.
- 5º- Club de Loita Pontevedra.
- 6º- Club de Loita Stellae de Santiago de Compostela.
- 7º- Club de Loita Kuzushi de Vigo.
- 8º- Club de Loita Sabarís de Baiona.





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

ANEXO

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E PROMOCIÓN





FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Oficina 6
36209 VIGO
Tel: (0034) 986 247 519,
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

ÍNDICE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E PROMOCIÓN:

1. **GALA DO DEPORTE DE VILALBA 2018.**
2. **GALA DO DEPORTE DE VILA DE CRUCES 2018.**
3. **PROMOCIÓN DA LOITA OLÍMPICA NO CEIP XACINTO AMIGO LERA. VAL DO DUBRA.**
4. **PROMOCIÓN NO CPI JULIA BECERRA MALVAR. RIBADUMIA.**
5. **PROMOCIÓN DA LOITA OLÍMPICA NO CEIP ROSALÍA DE CASTRO. LUGO.**
6. **PROMOCIÓN DO PROGRAMA XOGALOITA NO CEIP PENA DE FRANCIA. MOS.**
